

Narrativa

A pescantina

Fran ALONSO

¿Que hai no microondas, que está a pitar?, preguntou meu pai, que acababa de meter o coche no garaxe, abrindo a porta da cociña mentres colocaba a robaliza nunha fonte sobre a meseta e ollaba para o peixe con satisfacción. Está fresca, eh?, exclamou buscando admiración pola viveza do peixe. Está fresca porque ma vendou unha pescantina que me ten lei, que esta robaliza sacouna de debaixo do mostrador cando eu lle dixen que non me gustaba a que tiña enriba, e deuma dicíndome, mire, leve esta que é de total confianza. Logo, meu pai, subiu un chisco os estores da ventá da cociña para que a luz do sol se proxectase sobre as escamas do peixe, realzando a súa frescura. Mañá, para o xantar, dixo. Ao sal. Prepároa eu. E logo engadiu, e ¿sabes o que me pasou?, e, inmediatamente, sen esperar a miña resposta, púxose a relatarme o seu encontro coa peixeira do mercado de Gondomar ao tempo que abría un pequeno orificio no ventre da robaliza para sacarlle a tripa. Cando a muller xa me dera a robaliza, comezou a contar el, preguntoume se eu era o alcalde. Deume a risa, contesteille que se eu tiña aspecto de alcalde e díxome que si. Entón repliqueille que non, que non era o alcalde, e quixen saber se o dixerá porque teño o pelo branco e aspecto serio. Non se lle pode abrir máis, aclaroume meu pai mentres eu ollaba fixamente o seu xeito de limpar o peixe. Se a comemos ao sal, non se pode abrir, para que o sal non lle entre. E entón a pescantina preguntoume se eu era o médico de Gondomar, porque debía estar desconcertada comigo, que non me ubicaba, e contesteille que tampouco, que eu non era de Gondomar, que estaba aquí uns días porque aquí vivía o meu fillo, pero que eu era de Crecente, un lugar que non estaba perto, e entón díxome que se cadra eu me parecía ao médico, e tamén ao alcalde, e baixou a voz e besbellou que me ía contar unha cousa que lle sucedera hai bastantes anos co médico de Gondomar. Eu mirei a meu pai, que estaba a lle sacar a tripa á robaliza, con ollos de interrogación, e el, continuando tranquilamente o relato, dixo, só entón me lembrei do meu tío Luís, Luís Anguiano, ¿lémbraсте del?, que tantos anos estivo de médico en

Gondomar, aínda que tamén era de Crecente, pero non dixen nada, e a peixeira púxoseme a contar que unha vez tiña unha ferida no xeonllo, unha ferida moi grande, que se lle convertera nunha úlcera, e que lle doída moito, e non lle daba sandado, e entón foi ao médico, e ¿non sabe? a un que había antes, Don Luís, Don Luís Anguiano, e o meu pai asentiu coa cabeza mentres ela llo contaba, e o médico díxome que o que eu tiña era unha infección moi grande na ferida, e deume uns antibióticos e díxome que tiña que facer curas e limpar a ferida todos os días. E ir á farmacia fun, e coller as pastillas collinas, e tomalas tamén as tomei, pero aquela dor viscosa, viva, non me daba pasado, nin coas curas, nin con nada, que as curas axiña deixei de facelas, que vin que aquilo non resolvía nada e eu tiña que seguir traballando, coa perna ben ou mal, que o diñeiro non o regalan e hai que suar para levalo para a casa, así que unha veciña, unha de alí de Mañufe, aconselloume que fose a unha bruxa, a unha curandeira, que había na parte de Morgadáns, e alá fun, a ver se alguén me daba sandado, que eu non aguantaba máis coa dor e así non podía traballar. E cheguei onda a bruxa, que seica era moi boa e tiña moita sona, e recibía xente que lle viña de moi lonxe, e nada máis entrar e verme o xeonllo, todo lacerado, coa ferida en carne viva e esa úlcera que me comía todo por dentro, puxo cara de anoxo e dixo, o que ti tes é algo moi especial, muller, é algo moi sinxelo pero que non é doado de sandar. ¿E logo que é?, preguntéille eu impaciente e con moita incertidume polas súas palabras. Pois éche unha toupeira, díxome, unha toupeira que che entrou no xeonllo e agora vive aí dentro, e aliméntase de rillar na túa carne. O único que podes facer para sandar é matala. Pero vaiche custar. Vouche dar unhas infusións de herbas que é moi importante que tomes todas as mañás e que son para envelenar a toupeira, pero, ademais, sería bo que tamén foses ao médico, para que el che receite unhas pastillas que axuden a adormecela mentres non morre. Iso foi o que me dixo. Iso foi o que lle dixo, conto-me meu pai cos ollos brillantes coma as escamas da robaliza que estaba a limpar. E

eu fun ao médico, díxome, que aínda era Don Luís Anguiano, como lle contei, ¿non sabe?, ¿non o coñeceu? E eu, caladiño como unha puta, sen dicir-lle que era meu tío, porque quería escoitar o final da historia sen interferencia ningunha, e entón cheguei ao médico, e Don Luís escoitou pacientemente o que lle contei, atendeu todo o que me dixera a bruxa e cando eu pensaba que me ía rifar, por ter ido a unha bruxa, díxome el, pois si, espera un momentíño que cho mostro, e ergueuse da súa mesa de madeira e buscou e buscou e buscou en todos cantos libros alí tiña, que tiña moitos, ata que atopou un que me ensinou, e nel víase o debuxo dun xeonllo, aberto, e dentro del, unha toupeira. ¿Ves?, díxome, todo está nos libros. O que din as

bruxas, tamén. Así que agora vouche dar unhas pastillas moito máis fortes, unhas pastillas que maten axiña á toupeira para que ti poidas sandar de vez. E así foi como curei este xeonllo, dixo a peixeira, mire. E, sen mediar palabra, subiu un chisco a faldriqueira, baixou a media ata o nocelo e ensinoume. ¿Non ve? Aínda levo a cicatriz do que a toupeira comeu. E eu, contoume meu pai sorrindo mentres miraba para min, só acertei a dicir, pois que sorte tivo, que lle deron co mal e sandou. E ela engadiu: que lle preparen ben esa robaliza, xa verá como sabe.

(De *Miles de mulleres*)